



**FUNDACIÓN PÚBLICA CIDADE DA  
CULTURA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E  
XUVENTUDE**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 08/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a “creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nos estatutos, os cales foron modificados coa autorización do Consello da Xunta mediante acordo adoptado o día 24 de setembro de 2015. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación de aplicación en cada momento.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades (artigo 7 dos seus estatutos):

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.

d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.

### 1.1.1. Obxectivos

| EIXO | DESCRIPCIÓN EIXO              |
|------|-------------------------------|
| 4    | COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL |

| EIXO | PRIORIDADE ACTUACIÓN | DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN   |
|------|----------------------|--|
| 4    | PA03                 | POTENCIAL A CULTURA E A LINGUA GALEGA COMO ELEMENTOS CLAVES PARA POTENCIAR SOCIEDADE INCLUSIVA E COHESIONADA |

No exercicio 2025, cinco son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

1) No eido da promoción e comunicación, estes orzamentos dan resposta ás seguintes necesidades:

A previsión dun impulso ao programa de itinerancias expositivas, que conleva a organización de accións de comunicación (roldas de prensa, anuncios e medios, campañas de promoción), así como a produción de materiais de comunicación para as mostras que se exhiben fóra da Cidade da Cultura.

A decisión de ampliar as REGA – Residencias Artísticas do Gaiás.

O Centro de Artes Dixitais como principal proxecto constructivo, e que conleva a pertinente comunicación desta infraestrutura.

A responsabilidade da xestión da comunicación das actividades sitas na Cidade da Cultura e o incremento da demanda dos servizos de deseño por parte da Fundación.

O encarecemento das tarifas de publicidade online e de publicidade exterior

2) No que atinxe á programación cultural, os eixos da programación cultural sintetízanse, en seis capítulos principais (exposicións, música e escena, apoio á creación artística, letras e pensamento, actividades en familia, e visitas-accións divulgativas). A Cidade da Cultura, coa planificación orzamentaria do ano 2025, segue a favorecer e promocionar os procesos de creación e xeración de contidos en todos os eidos das artes e a cultura, converténdose nun produtor de contidos de calidade, especialmente expositivos, para espazos culturais de Galicia e do exterior, e establecendo pontes e relacións bidireccionais entre o Gaiás e outras institucións e realidades, consolidando á Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego. Neste senso, destaca á aposta polos seguintes programas de apoio á creación artística (programa de Residencias artísticas e literarias, xa iniciado no ano 2021 ou a XIV edición do Encontro de Artistas Novos), así como ás itinerancias das exposicións producidas pola propia Fundación (“Camiño Portugués”, “Vía da Prata”, “Müller”...). Dentro das liñas de acción do Plan Estratéxico (Acción I.1.4: Proxecto “Ollándonos”), abórdase a valorización de coleccións e legados artísticos de autores galegos, promovendo a súa visibilidade e reivindicación. Nese contexto sitúanse dúas exposicións individuais sobre artistas da nosa autonomía, ou a mostra sobre o estudo das estacións do ano na arte galega, dos séculos XX e XXI. Destacar tamén a aposta polos contidos dixitais no eido expositivo, que se reforzan de cara ao ano 2025: ampliación das experiencias de realidade mixta (de produción propia da Fundación), continuidade do Galiverso, e exhibición dunha mostra sobre os cambios dixitais e tecnolóxicos dos últimos trinta anos, en colaboración con outras entidades culturais. Esta planificación enlaza cos obxectivos do plan estratéxico (Acción I.1.1), adiantando o camiño para futuros contidos do Centro Galego de Artes Dixitais. Por outra banda, no resto de eventos culturais, darase continuidade a programas xa consolidados de programación familiar (Nadal no Gaiás, Pequedolmes), das

visitas e accións divulgativas e medioambientais, e dos ciclos como Atardecer no Gaiás, Escenas do Cambio ou Cidade Imaxinaria.

3) Polo que respecta ao Centro de Emprendemento, orientaranse as iniciativas e accións para que as entidades residentes ou futuras que desexen formar parte da rede emprendedora situada no Gaiás, poidan ter unha maior presenza na propia programación cultural que se deseñe dende a Cidade da Cultura de Galicia.

4) No que atinxe á rendibilidade dos espazos mediante a súa posta en valor económica, procurárase dar solucións ás distintas iniciativas culturais e tecnolóxicas, tanto temporais como permanentes, que queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás. A posta en funcionamento de elementos comúns do Edificio Fontán (auditorios, pequenas aulas) ao longo do ano 2022, provocou un aumento da oferta de espazos, o que conleva un incremento correlativo tanto do servizo de eventos, como dos ingresos da Fundación de carácter patrimonial, moi evidenciados nos últimos dous exercicios (coa cifra de máis de 700 eventos organizados nas instalacións da Cidade da Cultura de Galicia no ano 2023). No 2025 incorporárase un novo espazo, o denominado “Campo de Ocio”, situado na banda sur-leste da área urbanizada da Cidade da Cultura de Galicia, novo recinto exterior para o seu goce e utilización pola cidadanía e entidades que o soliciten.

5) Finalmente, e no capítulo de investimentos, varios son os proxectos de interese cunha execución importante no ano 2025, aliñados cos obxectivos do II Plan Estratégico para a Cidade da Cultura de Galicia e de forte aposta pola loita contra o cambio climático:

- Centro de Arte Dixital de Galicia. Seguen a estar operativos os argumentos expostos na memoria dos orzamentos do exercicio 2024: Creación do centro na planta inferior do Edificio Fontán dotándoo de espazos e equipamentos punteiros no eido da creación dixital. Nel, desenvolveranse actividades innovadoras de apoio á creación dixital, á investigación en torno as novas disciplinas artísticas e á formación e soporte para creadores e artistas en distintos campos da industria cultural e creativa. Fomentárase a cultura dixital mediante distintas tecnoloxías innovadoras nos eidos da artes dixital, simuladores, realidade aumentada, representacións inmersivas do patrimonio natural e cultural, tecnoloxías innovadoras para videoxogos,.... No exercicio 2025 preténdese rematar a obra e abordar unha posible modificación (prevista no prego que rexeu a licitación) para a ampliación do espazo escénico do auditorio do Edificio Fontán.

- Solución edificatoria sobre a estrutura baleira do Xardín Teatro, ofrecendo unha integración arquitectónica e paisaxística, aliñados cos obxectivos estratéxicos da Cidade da Cultura, para a estrutura a media rematar sita no Xardín do Teatro, e que permitirá dispor de case 1.000 m<sup>2</sup> útiles para espazos de apoio (almacéns, talleres) e creación, no exterior, dun xardín vertical.

- Proxecto de mellora de eficiencia enerxética, con proxección plurianual. Ao marxe de abordar a renovación fotovoltaica do Bosque de Galicia, afóndase na instalación de paneis solares sobre estruturas que, a súa vez, faciliten a mobilidade e accesibilidade aos distintos edificios do complexo. A instalación de 2.000 paneis solares sobre estruturas formando pérgolas que, ademais de servir de soporte, sirvan como paseos cubertos nos accesos desde os aparcadoiros. Estímase unha produción de máis de 3.600 Millóns de kWh ao ano, equivalentes aproximadamente ao 50% do consumo de enerxía da Cidade da Cultura de Galicia. Investimento que se estima poida ser amortizado en 4-5 anos.

- Proxecto de reforma para a Central Térmica do complexo, buscando a redución do consumo de gas natural mediante a instalación dunha nova caldeira de produción de auga quente, que utilice a biomasa como combustible. Estimase que a incorporación desta caldeira reducirá o consumo de gas nun 40-50%.

- Finalización no ano 2025 da obra de captación e mellora da rede de auga, dentro dos obxectivos da sostibilidade medioambiental. A instalación de auga para rega da CdC, que consume o 75% da subministración de auga, ten unha rede de distribución de auga separada do resto, de tal xeito que pode conectarse esta instalación a outra fonte de subministración de auga. No Parque do Lago da Cidade da Cultura de Galicia existe unha balsa de recollida de augas de escorrentía que ten unha capacidade de almacenamento de auga superior a 7.000 m<sup>3</sup> que empregárase, finalizada as obras, para abastecer a instalación de rega dos aparcadoiros da CdC, para á que se estima unha demanda máxima diaria de 420 m<sup>3</sup>.

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

| OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO | DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO        | 2025              | 2026              | 2027              |
|-----------------------------|--|-------------------|-------------------|-------------------|
| OE01                        | ESTIMULAR A PRODUCCIÓN CULTURAL E DISTRIBUCIÓN | 15.024.593        | 13.827.095        | 12.036.760        |
|                             | <b>TOTAL</b>                                   | <b>15.024.593</b> | <b>13.827.095</b> | <b>12.036.760</b> |

| OBX OPERATIVO | DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO  | 2025              | 2026              | 2027              |
|---------------|--|-------------------|-------------------|-------------------|
| 0003          | Desenvolver dende a CdC programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea, e impulsar unha estratexia de innovación no sistema cultural e creativo de Galicia | 15.024.593        | 13.827.095        | 12.036.760        |
|               | <b>TOTAL</b>   | <b>15.024.593</b> | <b>13.827.095</b> | <b>12.036.760</b> |

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN INDICADOR              | 2025    | 2026    | 2027    | UNIDADES          |
|-----------|------------------------------------|---------|---------|---------|-------------------|
| 01        | EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURALS    | 180     | 190     | 220     | NÚMERO EVENTOS    |
| 02        | ASISTENTES A ACTIVIDADES CULTURALS | 190.000 | 200.000 | 210.000 | NÚMERO DE PERSOAS |
| 03        | APOIO DIRECTO Á CREACIÓN           | 30      | 30      | 30      | NÚMERO DE ACCIÓNS |

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN INDICADOR                           | 2025    | 2026    | 2027    | UNIDADES                                  |
|-----------|---|---------|---------|---------|---|
| 04        | PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN                      | 20      | 25      | 25      | NÚMERO DE PROXECTOS                       |
| 05        | PARTICIPACIÓN CON ARTISTAS EMERXENTES           | 70      | 80      | 100     | NÚMERO ARTISTAS EMERXENTES                |
| 06        | XERACIÓN DE CONTIDOS                            | 13      | 20      | 20      | NÚMERO DE INICIATIVAS                     |
| 07        | ACTIVIDADES DIDÁCTICAS                          | 30      | 30      | 35      | NÚMERO DE ACTIVIDADES                     |
| 08        | DIVULGACIÓN MEDIOAMBIENTAL                      | 10      | 10      | 10      | NÚMERO DE EVENTOS                         |
| 09        | DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO GALEGO                | 20      | 25      | 25      | NÚMERO DE EVENTOS                         |
| 10        | INTERNACIONALIZACIÓN                            | 10      | 12      | 15      | NÚMERO DE ACCIÓNS                         |
| 11        | EVENTOS ALLEOS A ACCIÓN CULTURAL                | 500     | 500     | 600     | NÚMERO DE EVENTOS                         |
| 12        | OCUPACIÓN ESPAZOS CEM                           | 75      | 90      | 100     | PORCENTAXE OCUPACIÓN                      |
| 13        | ACCIÓNS NO CEM PARA INICIATIVAS E EMPRESAS      | 10      | 15      | 15      | NÚMERO DE ACCIÓNS                         |
| 14        | CAMPAÑAS PROMOCIÓN ACTIVIDADES EN REDES SOCIAIS | 30      | 30      | 40      | NÚMERO DE CAMPAÑAS                        |
| 15        | SEGUIDORES EN REDES SOCIAIS                     | 115.000 | 120.000 | 125.000 | NÚMERO DE SEGUIDORES                      |
| 16        | IMPACTOS LOGRADOS EN MEDIOS COMUNICACIÓN        | 1.900   | 2.100   | 2.200   | COBERTURA E DIFUSIÓN ACCIÓNS COMUNICACIÓN |
| 17        | ROLDAS PRENSA E ACTOS PRESENTACIÓN CON MEDIOS   | 45      | 50      | 60      | NÚMERO DE ACTOS                           |
| 18        | USUARIOS BBDD PARA RECIBIR INFORM. ACTIVIDADES  | 18.000  | 19.000  | 20.000  | NÚMERO SUBSCRICIÓN                        |
| 19        | TRÁFICO ANUAL Á WEB CIDADEDACULTURA.ORG         | 500.000 | 520.000 | 550.000 | NÚMERO ACCESOS                            |
| 20        | NOTAS DE PRENSA ENVIADAS A MEDIOS               | 90      | 100     | 100     | NÚMERO DE NOTAS PRENSA                    |

## I.2. Inversións

| INVESTIMENTO PROXECTO                                | ANO INICIAL | ANO FINAL | CUSTO TOTAL | ORZAMENTO 2025 | CONCELLO |
|--|-------------|-----------|-------------|----------------|----------|
| ACCESIBILIDADE UNIVERSAL                             | 2.025       | 2.027     | 300.000     | 50.000         | 1538078  |
| CAPTACIÓN AUGA E MELLORA REDE                        | 2.024       | 2.025     | 160.000     | 80.000         | 1538078  |
| CENTRO GALEGO DE ARTES DIXITAIS E MODIF.1            | 2.023       | 2.026     | 5.195.000   | 2.057.000      | 1538078  |
| EFICIENCIA ENERXÉTICA: PANEIS SOLARES PASOS CUBERTOS | 2.025       | 2.026     | 2.500.000   | 1.240.000      | 1538078  |
| ELEMENTOS MUSEOGRÁFICOS E ESTRUTURAS EXPOSITIVAS     | 2.023       | 2.025     | 370.000     | 150.000        | 1538078  |
| EQUIPOS AUDIOVISUAIS EVENTOS/EXPOS E APLICACIÓN      | 2.025       | 2.025     | 100.000     | 100.000        | 1538078  |
| ESTRUTURA BALEIRA TEATRO                             | 2.025       | 2.027     | 950.000     | 50.000         | 1538078  |
| MELLORAS EQUIPAMENTOS MONTE GAIÁS                    | 2.024       | 2.025     | 135.000     | 75.000         | 1538078  |
| OUTRAS (DOTACIÓN E EQUIP. DIXITAIS)                  | 2.025       | 2.027     | 403.000     | 203.000        | 1538078  |
| PROTECCIÓN SOLAR CEM                                 | 2.025       | 2.026     | 175.000     | 75.000         | 1538078  |



| INVESTIMENTO PROXECTO                     | ANO INICIAL | ANO FINAL    | CUSTO TOTAL       | ORZAMENTO 2025   | CONCELLO |
|---|-------------|--------------|-------------------|------------------|----------|
| PROXECTO BIOMASA CENTRAL TÉRMICA          | 2.025       | 2.025        | 30.000            | 30.000           | 1538078  |
| REMODELACIÓN CAFETERÍA FONTÁN             | 2.025       | 2.025        | 30.000            | 30.000           | 1538078  |
| RENOVACIÓN FOTOVOLTAICA BOSQUE DE GALICIA | 2.025       | 2.025        | 35.000            | 35.000           | 1538078  |
| RENOVACIÓN PÁXINA WEB                     | 2.025       | 2.026        | 150.000           | 25.000           | 1538078  |
| REPARACIÓN FACHADA NORTE BAG              | 2.024       | 2.026        | 165.000           | 50.000           | 1538078  |
|   |             | <b>TOTAL</b> | <b>10.698.000</b> | <b>4.250.000</b> |          |

### I.3. Territorialización

| CONCELLO               | GASTO DE PERSOAL | OUTROS GASTOS CORRENTES | GASTOS DE CAPITAL |
|------------------------|------------------|-------------------------|-------------------|
| SANTIAGO DE COMPOSTELA | 1.515.189        | 9.259.404               | 4.250.000         |
| <b>TOTAL</b>           | <b>1.515.189</b> | <b>9.259.404</b>        | <b>4.250.000</b>  |

### I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

#### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

| INGRESOS                                      | 2025              | 2026              | 2027              |
|---|-------------------|-------------------|-------------------|
| AXUDAS, PATROCINIOS E COLABORACIÓNS           | 1.450.000         | 1.450.000         | 1.450.000         |
| INGRESOS ACTIVIDADES MERCANTÍS                | 18.000            | 20.000            | 20.000            |
| INGRESOS ACTIVIDADES PROPIAS (VENDA ENTRADAS) | 60.000            | 50.000            | 50.000            |
| INGRESOS PATRIMONIAIS                         | 787.056           | 764.262           | 748.999           |
| OUTROS INGRESOS                               | 69.000            | 40.000            | 30.000            |
| TRANSFERENCIAS CORRENTES                      | 8.390.537         | 8.717.834         | 9.062.762         |
| TRANSFERENCIAS DE CAPITAL                     | 4.250.000         | 2.785.000         | 675.000           |
| <b>TOTAL</b>                                  | <b>15.024.593</b> | <b>13.827.096</b> | <b>12.036.761</b> |

#### Transferencias e subvencións de explotación recibidas

| SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.  | REAL 2023        | ESTIMADO 2024    | PREVISIÓN 2025   |
|---|------------------|------------------|------------------|
| CONSELLERÍA CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE   | 9.479.785        | 8.390.537        | 8.390.537        |
| CONSELLERÍA PROMOCIÓN EMPREGO E IGUALDADE | 31.379           |                  |                  |
| <b>TOTAL</b>                              | <b>9.511.164</b> | <b>8.390.537</b> | <b>8.390.537</b> |

#### GASTOS

#### Gastos de persoal

|               | REAL 2023 | ESTIMADO 2024 | PREVISIÓN 2025 |
|---------------|-----------|---------------|----------------|
| Nº Empregados | 31,7      | 28,5          | 32             |
| Custo Total   | 1.350.305 | 1.286.372     | 1.515.189      |

|             | REAL 2023 | ESTIMADO 2024 | PREVISIÓN 2025 |
|-------------|-----------|---------------|----------------|
| Custo Medio | 42.596    | 45.136        | 47.350         |

### Servizos exteriores

| DESCRICIÓN  | REAL 2023         | ESTIMADO 2024     | PREVISIÓN 2025   | PREVISIÓN 2026   | PREVISIÓN 2027   |
|---|-------------------|-------------------|------------------|------------------|------------------|
| 621 ALUGUEIROS E RENTING                                      | 21.262            | 1.200             | 1.200            | 1.200            | 1.200            |
| 622 REPARACIÓN/ CONSERVACIÓN E MANTEMENTO XERAL               | 1.131.158         | 1.141.110         | 1.202.654        | 1.226.707        | 1.251.241        |
| 623 SERVIZOS PROFESIONAIS                                     | 220.714           | 180.567           | 133.326          | 109.473          | 111.662          |
| 624 TRANSPORTE  | 171.767           | 250.293           | 200.000          | 200.000          | 200.000          |
| 625 PRIMAS SEGURO   | 164.194           | 170.509           | 188.710          | 192.484          | 196.334          |
| 626 SERV. BANCARIOS   | 81                | 181               | 200              | 200              | 200              |
| 627 PUBLICIDADE/ INFORMAC/ RR.PP.                             | 812.022           | 783.618           | 769.610          | 785.003          | 800.703          |
| 628 SUBMINISTROS (AUGA, CONSUMOS ENERXÉTICOS...)              | 3.224.527         | 3.840.516         | 3.284.934        | 3.350.632        | 3.417.645        |
| 629 OUTROS SERVIZOS (PROG. CULTURAL, LIMPEZA, SEGURIDADE,...) | 4.763.024         | 4.339.453         | 3.328.610        | 3.495.041        | 3.669.793        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>10.508.749</b> | <b>10.707.447</b> | <b>9.109.244</b> | <b>9.360.740</b> | <b>9.648.778</b> |

### Amortización

| DESCRICIÓN                              | REAL 2023        | ESTIMADO 2024    | PREVISIÓN 2025   |
|---|------------------|------------------|------------------|
| DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOB. INTANXIBLE | 31.145           | 25.653           | 20.338           |
| DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOB. MATERIAL   | 6.700.082        | 6.522.609        | 6.492.690        |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>6.731.227</b> | <b>6.548.262</b> | <b>6.513.028</b> |

### Subvencións concedidas pola entidade

| SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA ENTIDADE | REAL 2023     | ESTIMADO 2024 | PREVISIÓN 2025 |
|---------------------------------------|---------------|---------------|----------------|
| BOLSA RESIDENCIAS ARTÍSTICAS          | 32.000        | 0             | 0              |
| <b>TOTAL</b>                          | <b>32.000</b> | <b>0</b>      | <b>0</b>       |

### I.4.2. Previsións Orzamento de capital

#### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

| SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A. | REAL 2023 | ESTIMADO 2024 | PREVISIÓN 2025 |
|---|-----------|---------------|----------------|
| AXENCIA MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA GALICIA | 268.413   |               |                |

| SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A. | REAL 2023        | ESTIMADO 2024    | PREVISIÓN 2025   |
|---|------------------|------------------|------------------|
| CONSELLERÍA CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE   | 2.821.634        | 4.250.000        | 4.250.000        |
| <b>TOTAL</b>                              | <b>3.090.047</b> | <b>4.250.000</b> | <b>4.250.000</b> |

### Remanente de Tesourería

|  | 2023       | 2024       |
|--|------------|------------|
| 1. Fondos líquidos                                       | 1.688.155  | 1.518.468  |
| 2. Dereitos pendentes de cobro (+)                       | 19.300.337 | 18.106.251 |
| Do orzamento corrente                                    | 19.300.337 | 18.106.251 |
| De orzamentos pechados                                   |            |            |
| De operacións non orzamentarias                          |            |            |
| De operacións comerciais                                 |            |            |
| 3. Obrigas pendentes de pago (-)                         | 4.681.228  | 3.138.479  |
| Do orzamento corrente                                    | 4.681.228  | 3.138.479  |
| De orzamentos pechados                                   |            |            |
| De operacións non orzamentarias                          |            |            |
| De operacións comerciais                                 |            |            |
| 4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)                | 0          | 0          |
| (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva |            |            |
| (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva  |            |            |
| I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)               | 16.307.264 | 16.486.240 |
| II. Exceso de financiamento afectado                     |            |            |
| III. Saldos de dubidoso cobro                            |            |            |
| IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)      | 16.307.264 | 16.486.240 |

### APLICACIÓNS

#### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

| ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO | REAL 2023        | ESTIMADO 2024    | PREVISIÓN 2025   |
|---|------------------|------------------|------------------|
| INMOBILIZADO INTANXIBLE                 | 20.691           | 6.122            | 25.000           |
| INMOBILIZADO MATERIAL                   | 2.997.993        | 2.626.104        | 4.225.000        |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>3.018.684</b> | <b>2.632.226</b> | <b>4.250.000</b> |

### FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A totalidade do orzamento de explotación financiarase cos ingresos propios da Fundación, sobre todo con ingresos patrimoniais e co denominado "Fondo Gaiás da Empresa Galega", complementados coas subvencións á explotación con cargo á Xunta de Galicia, previstas no presente orzamento. As previsións de financiamento externo das necesidades de explotación son:

Transferencias correntes Xunta:

8.390.537,00 € (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude)

---

As aplicacións de capital financiaranse con cargo á subvención de capital outorgada pola Xunta de Galicia, de acordo coa seguinte distribución atendendo ao axente financiador:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: 4.250.000,00 €

Cumprindo cos obxectivos marcados, sen desviacións significativas nas distintas partidas, non existen dúbidas sobre a viabilidade financeira da Entidade, sen que se contemple chegar financiamento alleo, ausente, por outra banda, do balance da Fundación.

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.01**

**FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

|   | BALANCE. ACTIVO | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|-----------------|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |                 | REAL<br>2023                     | ESTIMADO<br>2024 | ORZAMENTO<br>2025 |
| A) Activo non corrente  |                 | 221.400                          | 216.484          | 214.221           |
| I. Inmobilizado intanxible  |                 | 52                               | 32               | 37                |
| 1. Desenvolvemento  |                 |                                  |                  |                   |
| 2. Concesións   |                 |                                  |                  |                   |
| 3. Patentes, licencias, marcas e similares                                  |                 |                                  |                  |                   |
| 4. Fondo de Comercio  |                 |                                  |                  |                   |
| 5. Aplicacións informáticas   | 25              | 17                               | 30               |                   |
| 6. Dereitos sobre activos cedidos en uso                                    |                 |                                  |                  |                   |
| 7. Outro inmobilizado intanxible  | 27              | 16                               | 7                |                   |
| II. Bens do patrimonio histórico  | 890             | 1.086                            | 1.236            |                   |
| 1. Bens inmobles  |                 |                                  |                  |                   |
| 2. Arquivos   |                 |                                  |                  |                   |
| 3. Bibliotecas  | 338             | 338                              | 338              |                   |
| 4. Museos   | 551             | 747                              | 897              |                   |
| 5. Bens mobles  |                 |                                  |                  |                   |
| 6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico                             |                 |                                  |                  |                   |
| III. Inmobilizado material  | 218.459         | 214.366                          | 211.948          |                   |
| 1. Terreos e construcións   | 206.745         | 202.572                          | 197.715          |                   |
| 2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material                      | 10.041          | 8.740                            | 7.719            |                   |
| 3. Inmobilizado en curso e anticipos  | 1.672           | 3.053                            | 6.514            |                   |
| IV. Investimentos inmobiliarios   |                 |                                  |                  |                   |
| 1. Terreos  |                 |                                  |                  |                   |
| 2. Construcións   |                 |                                  |                  |                   |
| V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo |                 |                                  |                  |                   |
| 1. Instrumentos de patrimonio   |                 |                                  |                  |                   |
| 2. Créditos a terceiros   |                 |                                  |                  |                   |
| 3. Valores representativos de débeda  |                 |                                  |                  |                   |
| 4. Derivados  |                 |                                  |                  |                   |
| 5. Outros activos financeiros   |                 |                                  |                  |                   |
| VI. Investimentos financeiros a longo prazo                                 | 2.000           | 1.000                            | 1.000            |                   |
| 1. Instrumentos de patrimonio   |                 |                                  |                  |                   |
| 2. Créditos a terceiros   |                 |                                  |                  |                   |
| 3. Valores representativos de débeda  |                 |                                  |                  |                   |
| 4. Derivados  |                 |                                  |                  |                   |
| 5. Outros activos financeiros   | 2.000           | 1.000                            | 1.000            |                   |
| VII. Activos por imposto diferido   |                 |                                  |                  |                   |
| B) Activo corrente  | 22.337          | 20.972                           | 20.158           |                   |
| I. Existencias  | 152             | 145                              | 145              |                   |
| 1. Bens destinados á actividade   |                 |                                  |                  |                   |
| 2. Materias primas e outros aprovisionamentos                               |                 |                                  |                  |                   |
| 3. Productos en curso   |                 |                                  |                  |                   |
| 4. Productos terminados   | 148             | 145                              | 145              |                   |
| 5. Subproductos, residuos e materiais recuperados                           |                 |                                  |                  |                   |
| 6. Anticipos a provedores   | 4               |                                  |                  |                   |
| II. Usuarios e outros debedores da actividade propia                        | -4              | 2                                | 3                |                   |
| III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar                          | 19.300          | 18.106                           | 18.099           |                   |
| 1. Clientes por vendas e prestacións de servizos                            |                 | 1                                | 2                |                   |
| 2. Clientes, empresas do grupo e asociadas                                  |                 |                                  |                  |                   |
| 3. Debedores varios   | 122             | 105                              | 97               |                   |
| 4. Persoal  |                 |                                  |                  |                   |
| 5. Activos por impostos corrente  |                 |                                  |                  |                   |
| 6. Outros créditos coas Administracións Públicas                            | 19.178          | 18.000                           | 18.000           |                   |
| 7. Fundadores por desembolsos esixidos                                      |                 |                                  |                  |                   |
| IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo            |                 |                                  |                  |                   |
| 1. Instrumentos de patrimonio   |                 |                                  |                  |                   |
